

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021/2022

CENTRO: IES CHAN DO MONTE
CURSO: 3º ESO
MATERIA: Lingua Galega e Literatura
DEPARTAMENTO: Lingua Galega e Literatura
DATA: 04/04/2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

1. Criterios sobre a avaliación e cualificación	
1ª Avaliación	<p>Cálculo da nota da 1ª avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Nota das probas escritas 60% - Nota de traballo 40%
	<p>Procedemento de recuperación da 1ª avaliación:</p> <p>Dada a natureza práctica e instrumental da materia, a avaliación é continua en todos os apartados. Valorarase a evolución progresiva do alumno, e coma se reflicte abaixo, a fórmula aplicada para a obtención da avaliación final concede maior peso a terceira avaliación.</p> <p>Tendo en conta que a avaliación é formativa, tamén se rectificaron nas seguintes avaliacións aqueles aspectos do proceso de ensinanza e aprendizaxe co fin de contribuír a mellorar a adquisición de competencias.</p>
2ª Avaliación	<p>Cálculo da nota da 2ª avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Nota das probas escritas 60% - Nota de traballo 40%
	<p>Procedemento de recuperación da 2ª avaliación:</p> <p>A avaliación é continua en todos os apartados. Valorarase a evolución do alumno, e coma se reflicte abaixo, a fórmula aplicada para a obtención da avaliación final concede maior peso a terceira avaliación.</p>
3ª Avaliación	<p>Cálculo da nota da 3ª avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Nota das probas escritas 60%. - Nota de traballo 40%
	<p>Procedemento de recuperación da 3ª avaliación:</p> <p>Recuperarase na avaliación final a través dunha proba escrita, examinando ao alumno dos estándares non acadados.</p>
Cualificación final	<p>Cálculo da nota da avaliación final:</p> <p>Realizarase unha media ponderada, consonte a seguinte distribución: 50% (media da primeira e da segunda avaliación) e 50% (nota da terceira avaliación).</p> <ul style="list-style-type: none"> - O alumnado con avaliación positiva na terceira avaliación: Tomarase esta nota como referencia, coa posibilidade de subila 0.5 puntos co traballo creativo e de reforzo que farán en xuño. - Os alumnos con avaliación negativa farán unha proba final dos estándares non acadados, despois de traballalos nas dúas semanas de xuño.
Alumnado de materia pendente	<p>Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 50% nota das probas escritas - 50% nota do boletín de actividades <p>Se a media é inferior a 5 puntos, terán dereito a unha proba escrita no mes de xuño. A puntuación acadada nesta proba será a que figure no boletín.</p>

	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Levaranse a cabo dúas probas escritas, unha no mes de febreiro e outra no mes de abril. Ademais, o alumnado presentará un boletín de exercicios que lle servirá para preparar os contidos deses exames. A profesora encargárase da supervisión deste boletín e de resolver as posibles dúbidas sobre a súa realización.</p>
--	--

2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)	
Metodoloxía	<p>Empregaranse dous tipos de metodoloxías:</p> <p>O alumnado que teña que facer a proba final de recuperación dalgún estándar fará actividades e tarefas moi guiadas, similares ás da proba, co fin de acadar eses estándares e de axustar o traballo ás esixencias do exame.</p> <p>Os alumnos que teñan a materia superada farán traballos creativos que reforcen o aprendido durante o curso, preferiblemente colaborativos e que poidan realizar de forma autónoma coa supervisión da profesora</p>
Actividades tipo	<p>Para o alumnado que ten que recuperar, proporcionaráselle boletíns con tarefas axustadas ás necesidades individuais.</p> <p>As actividades creativas do resto do alumnado consistirán na redacción de textos que supoñan un repaso dalgúns contidos da materia estudada. Estes poden ser presentados dixitalmente con algunha aplicación.</p>
Materiais e recursos	Boletíns de traballo e ordenadores.